

ANEXO 2

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente contrato a formalización de:

- Unha póliza de seguro contra incendios dos edificios especificados no anexo 1, do Concello de Caldas de Reis.

2.- ÁMBITOS DOS SERVICIOS DE SEGURO A CONTRATAR

SEGURO PARA A COBERTURA CONTRA INCENDIOS DOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Cobertura básica

- a) Incendio e consecuencias inevitables do mesmo. O asegurador indemnizará os danos e perdas materiais causados nos bens asegurados pola acción directa dun incendio, así como os produtos polas consecuencias inevitables do mesmo, cando este se orixine por caso fortuíto, actos intencionados de estraños, por negligencia propia del Asegurado ou das persoas das que responda civilmente.

Así mesmo estarán cubertos:

- Os danos nos bens asegurados que ocasionen as medidas necesarias adoptadas pola autoridade ou o asegurado para cortar ou extinguir o incendio ou impedir a súa propagación, con exclusión dos gastos que ocasione a aplicación de tales medidas, salvo pacto en contrario
 - Os gastos que ocasione o ó Asegurado o transporte dos efectos asegurados, ou calesquera outras medidas adoptadas, co fin de salvarlos do incendio
 - Os menoscabos que sufran os obxectos salvados polas circunstancias descritas nos dous apartados anteriores.
 - O valor dos obxectos desaparecidos, con ocasión do sinistro, sempre que o Asegurado acredite a súa preexistencia e salvo que o Asegurador probe que foron roubados ou furtados.
- b) Explosión. Por esta cobertura, o Asegurador garante o Asegurado, ata o límite da suma pactada para este risco, os danos que poidan sufrir os bens asegurados polas explosións de toda natureza, aínda cando dito accidente non vaia seguido de incendio, sempre que se orixinen dentro do edificio ou recinto no que se encontren os bens asegurados.

Nos edificios destinados exclusivamente a vivenda (e/ou mobiliario persoal) quedarán tamén cubertos os danos pola explosión que se orixine nas proximidades dos mesmos.

- c) Caída de raio. Por esta cobertura, o Asegurador garante ó Asegurado, ata o límite da suma pactada para o risco de incendios, os danos producidos nos bens asegurados, como consecuencia da caída do raio, aínda cando estes accidentes non vaian seguidos de incendio. Non están incluídos nesta garantía os aparatos e liñas eléctricas, así como as súas instalacións e accesorios.
- d) Danos eléctricos ós aparatos eléctricos. O Asegurador cubre, ata o límite da suma pactada para esta garantía, os danos sufridos por máquinas e aparatos eléctricos ou electrónicos, as conducións eléctricas non enterradas e os seus accesorios, pertencentes ou confiados ó Asegurado, con exclusión absoluta dos tubos ou válvulas e/ou transistores, provocados pola electricidade.
- e) Perda de alugamentos. Por esta cobertura, o Asegurador garante o Asegurado a perda de alugamentos que este último obtivera polo arrendo dos pisos ou locais asegurados, sempre que o orixe do sinistro sexa debido a unha das coberturas garantidas pola póliza.

A indemnización calcularase en base ó importe mensual dos alugamentos efectivos no momento do

sinistro e en función do prazo material necesario, segundo o perito, para a posta en uso dos pisos ou locais designados, sen que este prazo poida ser superior a un ano, a partir do día do sinistro, nin que a indemnización exceda da suma máxima indicada para tal garantía no cadro de garantías.

- f) Privación de uso. Por esta cobertura, o Asegurador garante ó Asegurado ata o límite da suma pactada para esta garantía, os desembolsos que se orixinen polo desaloxamento provisional do piso ou local a consecuencia dun sinistro amparado pola póliza durante o tempo que se empregue na reparación dos danos ocasionados polo sinistro.

Estes desembolsos comprenden unicamente o traslado do seu mobiliario, efectos, mercancías e o aluguer dun piso ou local de parecidas características ó que tiña.

Dito prazo queda limitado ó tempo no que o piso ou local que inutilizable a causa de su reparación, o cal será determinado polos peritos que interviñeran na apreciación dos danos do sinistro, pero sen que, en ningún caso, poida exceder dun ano. Da indemnización deducirase, no seu caso, o importe dos gastos comúns que como propietario veña obrigado a satisfacer.

Cando a xuízo dos peritos ou ben de acordo coas disposicións vixentes sobre a materia, a inutilización do piso ou local dun inquilino sexa total, e, por tanto, definitiva, a indemnización poderá ampliarse ata o prazo de dous anos.

- g) Gastos polas medidas necesarias adoptadas pola Autoridade ou o Asegurado para cortar ou extinguir o incendio ou impedir a súa propagación. Por esta cobertura, o Asegurador garante ó Asegurado, ata o límite da suma pactada para esta garantía, os gastos que ocasione a aplicación das medidas necesarias, adoptadas pola Autoridade ou o Asegurado, para cortar ou extinguir ou incendio ou impedir a súa propagación.

- h) Gastos de desescombros. Por esta cobertura o Asegurador garante o Asegurado, ata o límite da suma pactada para esta garantía, o traslado dos escombros ata o máis próximo lugar no que sexa permitido depositalos, sempre que ditos gastos sexan necesarios e o sinistro resulte comprendido na garantía do seguro.

O importe destes gastos debe ser obxecto de taxación por parte dos peritos designados, de acordo coas condicións da póliza

- i) Responsabilidade civil fronte:

- O propietario. Por esta cobertura, o Asegurador garante ó Asegurado, ata o límite da suma pactada para esta garantía, a responsabilidade civil locativa en caso de calquera dos danos garantidos pola presente póliza, orixinados nos bens asegurados, sempre que o Asegurado sexa declarado civilmente responsable do sinistro.
- A terceiros. Por esta cobertura, o Asegurador garante ó Asegurado, ata o límite da suma pactada para esta garantía, a responsabilidade civil por danos a terceiros, en caso de calquera dos danos garantidos pola presente póliza, orixinados nos bens asegurados, sempre que o Asegurado sexa declarado civilmente responsable do sinistro. Ós efectos desta cobertura, non quedan comprendidos os bens de terceiros que se encontren dentro dos riscos asegurados.

- j) Paralización do traballo. Por esta cobertura, o Asegurador garante o Asegurado, ata o límite da suma pactada para esta garantía, os prexuízos ocasionados pola paralización do traballo ou suspensión de vendas que a causa dos riscos cubertos pola póliza sufran os almacéns ou establecementos asegurados.

- k) Actos de vandalismo ou mal intencionados. Dentro dos límites establecidos na póliza, o Asegurador indemnizará os danos materiais sufridos polo obxecto asegurado, cando foran causados de forma directa por un acto illado de vandalismo ou mal intencionado cometido por persoas que non sexan o Asegurado ou Beneficiario.

- l) Accións tumultuarias e folgas legais. Dentro dos límites establecidos na póliza, o asegurador indemnizará os danos materiais sufridos polo obxecto asegurado cando foran causados directamente

por accións tumultuarias producidas no curso de reunións e manifestacións, así como durante o transcurso de folgas legais, salvo que as citadas actuacións tiveran o carácter de motín ou tumulto popular.

- m) Choiva, vento, pedrisco e neve. Dentro dos límites establecidos establecidos na póliza, o Asegurador indemnizará os danos materiais sufridos polo obxecto asegurado cando foran causados pola acción directa da choiva, vento, pedrisco e neve, sempre que, en canto a choiva, se rexistre unha precipitación superior a 40 litros por metro cadrado e hora; en canto ó vento, se rexistren velocidades superiores a 96 quilómetros por hora, e en canto á caída de pedrisco ou neve, calquera que sexa a súa intensidade.

A garantía destes fenómenos atmosféricos aplicase sempre que polas súas características non sexan amparados polo Consorcio de Compensación de Seguros e unha vez acreditar o Asegurado a ocorrencia dos mesmos, fundamentalmente cos informes expedidos polos Organismos Oficiais competentes ou no seu defecto mediante a achega de probas convincentes apreciadas a criterio dos peritos nomeados polo Asegurado e o Asegurador.

- n) Danos por Auga. O Asegurador garante, ata o límite da suma pactada para esta garantía, os danos materiais ocasionados polos escapes accidentais, por reventón, rotura ou atasco de conducións de distribución ou baixadas de auga e desbordamento de depósitos, que proveñan exclusivamente de:

- Conducións non subterráneas
- Instalacións fixas de auga, vapor ou calefacción
- Rotura de cañarías de evacuación de auga de choiva
- Infiltracións a través dos teitos, terrazas ou balcóns.

- o) Danos por fume. O Asegurador garante, ata o límite da suma pactada por esta garantía, os danos materiais causados ós bens asegurados polos fumes debidos a unha acción repentina, anormal e defectuosa dun aparato de combustión ou sistemas de calefacción ou de cocción, sempre que os mesmos formen parte das instalacións aseguradas e se encontren conectadas a chemineas por medio de conducións adecuadas.

- p) Choque de vehículos terrestres. O Asegurador garante, ata o límite da suma pactada para esta garantía, os danos materiais que non sexan os de incendio ou explosión, causados ós bens asegurados polo choque dun vehículo terrestre ou as mercancías por eles transportadas.

Entendese como vehículo, calquera vehículo a motor destinado a desprazamento pola vía pública, así como a maquinaria de obras públicas, maquinaria agrícola e vagóns ou máquinas de tren.

- q) Caída de aeronaves e aeronaves. O Asegurador garante, ata o límite da suma pactada para esta garantía, os danos materiais causado ós bens asegurados polo choque ou caída de aparatos de navegación aérea ou de partes ou obxectos que se desprendan destes.

- r) Danos materiais a consecuencia de ondas sónicas. Garantíranse, ata o límite da suma pactada para esta garantía, os danos materiais producidos pola conmoción que resulte do paso da barreira do son por aeronaves ou aeronaves

- s) Derrame ou escape accidental das instalacións automáticas de extinción de incendios. Amplíase a protección do seguro, dentro do límite da suma pactada para esta garantía, os danos materiais causados directamente ós bens asegurados con ocasión ou a consecuencia de derrame ou escape accidental de auga a calquera outro axente utilizado no sistema automático de extinción de incendios, como consecuencia da falta de estanquidade, escape, derrame, fuga, rotura, caída, derrubamento ou fallo en xeral de calquera dos elementos de dito sistema.

- t) Garantía a valor de novo. O capital asegurado pola presente póliza representa o valor de novo dos bens que por ela se garanten.

A ampliación da garantía da póliza á diferenza existente entre o valor real dos bens asegurados no momento do sinistro e ó seu valor de novo, non podendo exceder esta do 30 % do valor de novo, sendo o exceso deste porcentaxe sempre a cargo do Asegurado.

Franquías

A franquía máxima aplicable por sinistro será do 10% do importe da indemnización que corresponda.

Importes mínimos a garantir:

Cobertura	Indemnización
a. Incendio e consecuencias inevitables	100 % da suma asegurada
b. Explosión	100 % da suma asegurada
c. Caída de raio	100 % da suma asegurada
d. Danos eléctricos ós aparatos eléctricos	2 % da suma asegurada
e. Perdas de alugamentos	5 % da suma asegurada
f. Privación de uso	5 % da suma asegurada
g. Gastos polas medidas da Autoridade ou do Asegurado para cortar o incendio ou impedir a súa propagación	5 % da suma asegurada
h. Gastos de desescombro	5 % da suma asegurada
i. Responsabilidade Civil a consecuencia dos danos cubertos pola póliza fronte a veciños e terceiros	300 % da suma asegurada
j. Paralización do traballo	10 % da suma asegurada
k. Actos de vandalismo ou mal intencionados	10 % da suma asegurada
l. Accións tumultuarias e folgas legais	10 % da suma asegurada
m. Choiva, vento, pedrisco e neve	10 % da suma asegurada
n. Danos por auga	10 % da suma asegurada
o. Danos por fume	10 % da suma asegurada
p. Choque de vehículos terrestres	10 % da suma asegurada
q. Caída de aeronaves ou avións	100 % da suma asegurada
r. Ondas Sónicas	100 % da suma asegurada
s. Derrame ou escape accidental	100 % da suma asegurada
t. Valor de novo	30 % da diferenza de novo a vello

En Caldas de Reis, o 25 de outubro de 2011
O Alcalde,

Asdo. : Dº Juan Manuel Rey Rey.

3º.- Enviar anuncio de licitación ao perfil de contratante.

Caldas de Reis, 10 de novembro de 2011.

O Alcalde,

Asdo.: Juan Manuel Rey Rey
